



ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONTINUIDADE E O DESENVOLVEMENTO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación da Consellería de Sanidade, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público.

Doutra parte, Don Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, nomeado segundo o Decreto 35/2022, do 17 de marzo, (DOG núm. 56 do 22 de marzo), de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario (BOE núm. 70, do 23 de marzo) e o artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014).

As partes, actuando na representación que ostentan, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda de modificación do Convenio de colaboración mencionado no encabezado, e para estes efectos,

EXPOÑEN

1. Que o 31 de xaneiro de 2008 as partes asinaron un convenio a través do cal acordaban a constitución do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), recoñecido no ano 2010 polo *Instituto de Salud Carlos III* como Instituto Acreditado de conformidade co Real decreto 279/2016, do 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de Investigación Sanitaria (BOE do 5 de xullo de 2016).
2. Que este compromiso renovouse en sucesivos convenios ata o vixente na actualidade, subscrito o 18 de maio de 2021.
3. Que o Instituto carece de personalidade xurídica propia, polo que as actuacións necesarias para a consecución dos seus fins canalízanse a través da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), que actúa como órgano de xestión, sen prexuízo das competencias de cada unha das institucións figurantes no Convenio.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

U

SC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



4. Que a cláusula décimo quinta do Convenio estipula que a súa duración será de catro anos, con posibilidade de ser renovado unha soa vez por outros catro anos.

5. Que todas as partes están interesadas en formalizar a prórroga do convenio, de acordo co punto anterior.

En consecuencia, as partes acordan a presente addenda, de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- As partes acordan a prórroga do convenio de colaboración por un período de catro anos, dende o 18 de maio de 2025.

SEGUNDA.- O convenio permanecerá en vigor nos mesmos termos que no mesmo se establecen. As partes acordan que se manteña a vixencia de todos aqueles acordos recollidos no citado convenio, que non contradigan o exposto no presente documento.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Conselleiro de Sanidade e Presidente
do Servizo Galego de Saúde

Antonio Gómez Caamaño

O Reitor da Universidade de Santiago
de Compostela

Antonio López Díaz

